BANDO

O ALCALDE- PRESIDENTE DO CONCELLO DE

VALDOVIÑO

FAI SABER:

FOGUEIRAS DE SAN XOAN E SAN PEDRO 2026

As fogueiras de San Xoán e San Pedro constitúen unha tradición que forma parte do Patrimonio Cultural de Galicia, porén;

I.-PODERÁN REALIZARSE FOGUEIRAS DE CARÁCTER TRADICIONAL NOS ESPACIOS PRIVADOS DOS NÚCLEOS RURAIS E URBANOS, PREVIA DECLARACIÓN RESPONSABLE, COAS SEGUINTES PRECAUCIÓNS:

A) Coma precaución deberá de manter unha distancia de seguridade de 25 metros de vivendas, vehículos, instalacións, tendidos eléctricos ou telefónicos, e zonas vexetais susceptibles de ser queimadas. Non se poden queimar residuos perigosos ou tóxicos. A altura máxima da fogueira será de 2 m.

B) Previamente ó seu inicio, deberá facerse unha devasa mediante a eliminación manual o mecánica da totalidade do material combustible nunha franxa axeitada rodeando o perímetro da luminaria. E se disporá có material e medios suficientes para o seu debido control.

C) Non se poderá realizar a luminaria cando as condicións meteorolóxicas poidan dificultar o seu control, sobre todo polo vento, ou se a Consellería de Medio Rural suspendera ás queimas nesa xornada.

D) Non se poderá abandonar o lugar da fogueira mentres non estea totalmente extinguido.

II.-PROHÍBENSE AS FOGUEIRAS EN CALQUER ESPAZO PÚBLICO

III.-SOLICITUDES: No Rexistro do Concello ou a través da sede electrónica. O solicitante será o responsable do cumprimento das normas.

Antes do día 19 de xuño ás 13:00 horas para a de San Xoán
Antes do 26 de xuño ás 13:00 horas para a de San Pedro

Os solicitantes, responsables da fogueira, deberán de expresar que coñecen ás condicións do Bando.

Valdoviño, a 5 de xuño de 2026

O Alcalde

Alberto González Fernández

CONCELLO DE VALDOVIÑO ALCALDIA